



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

Dirección Xeral de Calidade Ambiental
e Cambio Climático

SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL

MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA

CONTROL DE CAMBIOS

Versión	Data	Cambio
1	**/04/2020	Actualización derivada do Decreto 7/2020, do 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia.

Realización:	Revisión:	Aprobación:
José Francisco Alonso Picón María José Blanco Lousame Rubén Rodríguez Escobar Laura Roel Mosquera Lino Enrique Fontán Guiao Iria Soto González	José Francisco Alonso Picón Manuel Vázquez Hernández	José Francisco Alonso Picón

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	2 de 38

INDICE

0	ACRÓNIMOS	4
1	INTRODUCCIÓN	5
1.1	Marco normativo	6
1.2	Funcións e obxectivos	6
1.2.1	Funcións da Inspección Ambiental	6
1.2.2	Obxectivos das inspeccións ambientais	6
1.3	Principios que rexen o exercicio da función inspectora	7
1.4	Redes en materia de inspección ambiental	7
1.4.1	IMPEL (Implementation and Enforcement of Environmental Law)	8
1.4.2	REDIA (Rede de Inspección Ambiental de España)	11
1.5	Definicións	13
2	ÁMBITO DE ACTUACIÓN	15
3	PLAN DE INSPECCIÓN AMBIENTAL	16
3.1	Contido mínimo	16
3.2	Seguimento e revisión	17
4	PROGRAMAS DE INSPECCIÓN AMBIENTAL	17
4.1	Contido mínimo	18
4.2	Subprogramas de inspección ambiental	18
4.3	Seguimento e revisión	19
5	RISCOS AMBIENTAIS	19
5.1	Avaliación de riscos ambientais de inspeccións programadas ou prefixadas	20
5.2	Avaliación de riscos ambientais de inspeccións non programadas ou non prefixadas	20
6	A FUNCIÓN INSPECTORA	20
6.1	Facultades do persoal inspector ambiental	21
6.2	Deberes do persoal inspector ambiental	22
6.3	Formación e cualificación	22
6.3.1	Formación inicial e cualificación	23
6.3.2	Formación continua e recualificación	23
6.4	Coordinación con outras unidades e organismos	23
6.4.1	Unidade da Policía Nacional adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA)	24
6.4.2	Garda Civil: Seprona e Garda Civil de Tráfico	25
6.4.3	Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia (LMAG)	25

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	3 de 38

6.4.4	OCA – Empresa colaboradora da administración en materia de residuos	26
6.4.5	Autoridades competentes en materia de augas, SEVESO, REACH, Sandach,... ..	26
6.4.6	Administración Xeral do Estado	26
6.4.7	IGAMAOT	27
7	ORGANIZACIÓN DA INSPECCIÓN AMBIENTAL	27
7.1	Clases de inspeccións ambientais	27
7.1.1	En función da existencia ou non dunha programación preestablecida	27
7.1.1.1	Inspeccións prefixadas ou programadas	27
7.1.1.2	Inspeccións non prefixadas ou non programadas	28
7.1.2	En función do momento no que se realizan	28
7.1.2.1	Previas ao outorgamento dunha autorización	28
7.1.2.2	De oficio durante o funcionamento dunha actividade	28
7.1.2.3	En virtude de denuncia	29
7.1.3	En función da tipoloxía das instalacións ou actividades inspeccionadas	29
7.1.3.1	Actividades ou instalacións sometidas á normativa IPPC	29
7.1.3.2	Actividades ou instalacións non sometidas á normativa IPPC	30
7.1.3.3	Traslados transfronteirizos de residuos	30
7.2	Actuacións informativas	30
7.3	Coordinación e recursos da Inspección Ambiental	30
7.4	Exercicio das inspeccións ambientais in situ	32
7.5	Documentación derivada da actuación do persoal inspector ambiental	32
7.5.1	Actas de inspección ambiental	32
7.5.1.1	Contido das actas de inspección	33
7.5.1.2	Validez dos feitos constatados nas actas de inspección	34
7.5.2	Informes derivados das inspeccións ambientais	34
8	OUTRAS ACTUACIÓNS DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA	35
8.1	Responsabilidade medioambiental	35
8.2	Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia (Plan CAMGAL)	36
Anexo I	TIPOS DE INSPECCIÓN	37
Anexo II	CÓDIGOS DE INSPECCIÓN	38

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	4 de 38

0. ACRÓNIMOS

AAI	Autorización Ambiental Integrada
CAPCA	Catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera
CCAA	Comunidades Autónomas
CMA	Consellería competente en materia de medio ambiente
COVs	Compostos orgánicos volátiles
DEI	Directiva 2010/75/UE de Emisións Industriais
GalA	Plataforma galega de información ambiental
IGAMAOT	Inspecção-Geral da Agricultura, do Mar, do Ambiente e do Ordenamento Territorio
IMPEL	Rede de autoridades ambientais de inspección dos Estados Membros e do Espazo Económico Europeo
IPPC	Prevención e Control Integrados da Contaminación
IRAM	Índice de risco ambiental
LMAG	Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia
LRMA	Lei 26/2007 de Responsabilidade Medioambiental
MMA	Ministerio competente en materia de medio ambiente
MTDs	Mellores Técnicas Disponibles
OCA	Organismo de Control Autorizado
PRTR	Rexistro de emisións e fontes contaminantes
REACH	Regulamento 1907/2006 de Rexistro, Avaliación, Autorización e Restricción de substancias e mesturas químicas
REDIA	Rede de Inspección Ambiental de España
REGADE	Rexistro galego de emisións
RXPXRG	Rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia
SIRGA	Sistema de información de residuos de Galicia
SXC	Sistema de xestión de calidade UNE-EN-ISO 9001:2015
UPA	Unidade de Policía Autonómica
XT	Xefatura territorial

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	5 de 38

1 INTRODUCCIÓN

A Constitución española, facéndose eco dunha profunda demanda social, recoñece no seu artigo 45, o dereito de todos a gozar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, o deber de conservalo, así como a obriga dos poderes públicos de velar pola utilización racional dos recursos naturais para promover e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

Dende a creación no ano 1997 da Consellería de Medio Ambiente, a Inspección Ambiental foise consolidando nunha estrutura estable e especializada co fin de garantir que a aplicación do cumprimento da lexislación de protección do medio ambiente sexa cada vez máis eficaz e acorde cos tempos actuais. Nos últimos anos o inspector ambiental ademais da tarefa de inspeccionar, leva a cabo unha labor de información ás instalacións para que coñezan as súas obrigas e responsabilidades medioambientais, potenciando unha cultura medioambiental nas actividades tendente a fomentar os sistemas de autocontrol e xestión medioambiental.

No ano 2000, como cumprimento dun compromiso adquirido e necesario para a xestión da inspección ambiental, elaborouse un Plan de Inspección Ambiental como unha ferramenta de consulta con criterios, obxectivos, subprogramas para a consecución de metas e tempos, e un exercicio final de avaliación de resultados.

A Recomendación do 4 de abril de 2001 é a primeira norma que establece, a nivel comunitario, uns criterios mínimos que deberán aplicarse na organización, realización, seguimento e publicación dos resultados desas tarefas para cumprir e facilitar dese xeito a aplicación e o cumprimento máis coherentes do dereito comunitario en materia de medio ambiente en todos os Estados membros.

Ao longo destes anos, fóronse elaborando distintos plans como ferramentas de xestión e de programación das inspeccións a realizar anualmente na comunidade autónoma e dentro do espírito de mellora continuada da Inspección Ambiental, tratando de garantir a mellor eficacia dos recursos dispoñibles.

Os obxectivos deste Manual son:

- Establecer uns criterios claros de actuación co obxectivo de que sirvan de guía para o traballo da inspección ambiental.
- Unificar e coordinar o traballo dos diferentes servizos que comprende a inspección ambiental en Galicia e a súa coordinación con outros organismos colaboradores para evitar duplicidades de actuación.
- Servir de documento principal para o Sistema de Xestión de Calidade (UNE-EN ISO 9001:2015) implantado na Inspección Ambiental de Galicia.
- Proporcionar un documento base para elaborar os procedementos do módulo de inspección ambiental existente na plataforma informática GAIA, co obxectivo final de fomentar a relación telemática tanto cos diferentes servizos da CMA como coas actividades a inspeccionar, procurando conseguir unha mellor comunicación e unha maior eficiencia, celeridade e transparencia das

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	6 de 38

actuacións desenvoltas en materia de inspección ambiental e dirixidas á prevención ou minimización do impacto ambiental das actividades.

A Inspección Ambiental de Galicia pon a disposición do público o resultado da súa actividade na páxina web da CMA:

[ACCESO PORTAL WEB DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA](#)

1.1 Marco normativo

A normativa ambiental, ditada nos eidos europeo, estatal e autonómico establece unha serie de obrigas que deben observarse polos administrados en todo momento, así como previsións específicas en materia de organización, realización, seguimento e publicación dos resultados das tarefas desenvoltas pola Inspección Ambiental.

No Plan de inspección ambiental e nos Programas de inspección ambiental recóllese o listado da normativa que en cada momento se atopa en vigor e que establece previsións que resultan aplicables á Inspección Ambiental de Galicia, ben por establecer obrigas aplicables aos administrados e cuxo cumprimento debe comprobar a inspección ambiental, ben por establecer obrigas sobre a propia organización ou funcionamento da inspección ambiental.

Ao respecto cabe salientar a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia e o Decreto 7/2020, do 9 de xaneiro, de Inspección Ambiental de Galicia, que recollen o réxime xurídico aplicable ao funcionamento da Inspección Ambiental de Galicia.

1.2 Funcións e obxectivos

1.2.1 Funcións da Inspección Ambiental

A función da Inspección Ambiental consiste no control e vixilancia daquelas actividades e instalacións susceptibles de afectar negativamente ao medio ambiente, aos efectos de comprobar a súa adecuación á normativa ambiental, verificar o cumprimento e a eficacia das condicións establecidas nos instrumentos preventivos ambientais, contribuír a mellorar o comportamento ambiental das instalacións e actividades e, no seu caso, constatar feitos que puideran ser constitutivos de infracción administrativa ou de delito ambiental.

1.2.2 Obxectivos das inspeccións ambientais

Polo que atinxe aos obxectivos estratéxicos das inspeccións ambientais, podemos salientar os seguintes:

- ☐ Potenciar unha cultura medioambiental nas actividades fomentando os sistemas de autocontrol ou xestión medioambiental e o enfoque preventivo.
- ☐ Reducir o impacto das actividades no medio ambiente, mediante accións que tendan a conseguir unha mellora medioambiental a través da prevención e o control dos incumprimentos, que impliquen un maior risco para as persoas e o medio ambiente.
- ☐ Promover a calidade, competencia técnica e mellora continua.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	7 de 38

- ❑ Asignar os recursos dispoñibles mediante un sistema de xestión das prioridades, que se deberá materializar mediante unha avaliación de riscos medioambientais, adecuando deste xeito, a carga das inspeccións prefixadas á actual conxuntura socio-económica, aos escenarios orzamentarios previstos nos próximos anos e á dispoñibilidade de recursos humanos e materiais, que se irá definindo anualmente en programas de inspección ambiental.

1.3 Principios que rexen o exercicio da función inspectora

O exercicio da función de inspección ambiental ten como fin garantir o dereito a gozar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa e o deber de utilización racional dos recursos naturais.

No desenvolvemento da inspección ambiental deben observarse os principios de coordinación, colaboración entre as diferentes administracións públicas, eficacia e celeridade. Ademais, as administracións públicas axustarán as súas actuacións aos principios de información mutua, cooperación e colaboración segundo se establece no art. 4.1 do Decreto 7/2020 de inspección ambiental de Galicia.

No exercicio da función inspectora ambiental, e co obxecto de acadar unha efectiva coordinación e eficacia administrativa, a Inspección Ambiental de Galicia coordinará a súa actuación coa daqueles outros órganos ou entidades con competencias en materia de inspección ambiental de xeito que, cando deba actuar persoal de diversos órganos ou entidades para realizar comprobacións ambientais dunha mesma instalación ou actividade, estas se fagan de forma conxunta e integrada.

En todo caso, axustaranse as súas actuacións aos principios de información mutua e de cooperación, establecendo os mecanismos de colaboración que se estimen pertinentes, para o adecuado exercicio das funcións de inspección ambiental.

Nesta liña, poden subscribirse convenios de colaboración entre a CMA e as Forzas e Corpos de seguridade do Estado, autonómicas ou locais aos efectos da realización de labores de inspección ambiental

Coa finalidade de acadar un mellor desenvolvemento das funcións inspectoras e potenciar a colaboración e o intercambio de información entre as distintas autoridades competentes en materia de inspección ambiental tanto a nivel comunitario como estatal, a Inspección Ambiental de Galicia participa na Rede de autoridades ambientais de inspección dos Estados Membros e do Espazo Económico Europeo (IMPEL) e na Rede de inspección ambiental de España (REDIA).

1.4 Redes en materia de inspección ambiental

Actualmente existen dúas redes en materia de inspección ambiental das que forma parte a Inspección Ambiental de Galicia: IMPEL e REDIA.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Versión	1
			Data	**/04/2020
			Páxina	8 de 38

1.4.1 IMPEL (Implementation and Enforcement of Environmental Law)



IMPEL é unha rede de intercambio de información na área de implantación e cumprimento da lexislación ambiental europea e de desenvolvemento de estratexias prácticas comúns.

Esta rede está constituída por autoridades ambientais da Unión Europea que desexan intercambiar información e pola Comisión Europea.

A rede IMPEL promove o intercambio de información e experiencias e o desenvolvemento dunha maior consistencia no método para a implantación, aplicación e cumprimento da lexislación ambiental, con especial atención na lexislación ambiental comunitaria.

Entre os documentos que presentan maior interese para a inspección ambiental podemos sinalar os seguintes:

- ☐ Management Reference Book for Environmental Inspectorates (1999).
- ☐ Step by step Guidance Book was developed on planning and prioritising of environmental inspections (coñecido como “Doing the right things” Guidance Book”).
- ☐ Setting targets & Performance Monitoring.
- ☐ Easytools – Risk Assessment Guidance Book.
- ☐ Environmental inspections of industrial installations in accordance with the Industrial Emissions Directive (IED).
- ☐ Impel Review Initiative (IRI).

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	9 de 38

- ☐ Guidance for the implementation of the IED in planning and execution of inspections.
- ☐ Linking the implementation of the Water Framework Directive to the implementation of the IPPC.

Estes documentos e toda a información sobre a Rede IMPEL atópanse na páxina web:
<http://impel.eu/>

A participación de Galicia nos proxectos levados a cabo en IMPEL atópase dispoñible na páxina web da Inspección Ambiental.

Dentro dos documentos elaborados por IMPEL está o ciclo da inspección ambiental, documento que se segue actualmente na Inspección Ambiental de Galicia e que se describe a continuación: **CICLO DA INSPECCIÓN MEDIOAMBIENTAL**.

O ciclo de inspección ambiental consta de sete (7) etapas:


1. Describir o contexto.
2. Establecer prioridades.
3. Definir obxectivos e estratexias.
4. Planificar e revisar o marco inicial.
5. Realizar a inspección.
6. Executar e presentar informes. Monitorizar.
7. Avaliación.

As etapas 1, 2, 3 e 4 forman o proceso de planificación, que é un proceso cíclico, xa que a revisión do Plan de Inspección (carácter plurianual) pode conducir ao desenvolvemento dun novo Plan de Inspección ou modificar o existente.

As etapas 5, 6 e 7 teñen lugar en cada programa de inspección ambiental (de carácter anual) de acordo coas directrices do Plan de Inspección plurianual. Estas fases proporcionan un aporte á revisión do plan de inspección.

No seguinte esquema combínanse os dous conxuntos de etapas:

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Código	MI
		Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA	Data	**/04/2020
		Páxina	10 de 38



Esquema do ciclo da inspección medioambiental.

A primeira etapa neste proceso cíclico é "describir o contexto" (cadro 1a na figura). Esta parte establece o ámbito de aplicación do Plan de Inspección.

A segunda etapa é "establecer prioridades" (cadro 1b na figura). Esta etapa comeza cunha avaliación de riscos, avaliación que se traducirá nunha lista de instalacións ou actividades que están no ranking e clasificadas. En resumo, o que vai obter a atención necesaria (en que grao) e o que non o fará. O final deste paso son as prioridades enumeradas (por un período especificado) e é a entrada para o seguinte paso.

A terceira etapa é "Definir obxectivos e estratexias" (cadro 1c na figura). Dentro deste paso a autoridade de control identifica os obxectivos e metas de inspección. Estes obxectivos e metas pódense presentar cuantitativamente e/ou cualitativamente. Cando está claro o que se quere lograr, pódense definir ou modificar as estratexias de inspección co fin de cumprir cos obxectivos e metas. A saída deste paso, os obxectivos, as metas que se poden medir e as estratexias de inspección, é a entrada do seguinte paso.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	11 de 38

A cuarta etapa é "Planificar e revisar " (cadro 1d na figura). O Plan de Inspección ambiental desenvólvese neste paso. O Plan de Inspección abarca un período de tempo definido, describe e explica as medidas adoptadas no cadro 1a, 1b y 1c. Parte do Plan de Inspección é un Programa de Inspección. O Programa de Inspección pode presentarse como un anexo de traballo para o Plan de Inspección, ou como un documento separado ao que se fai referencia no Plan de Inspección.

A quinta etapa é "O marco de execución" (cadro 2 na figura). Antes de levar a cabo as inspeccións *in situ*, hai que asegurarse de que se cumpren todas as condicións necesarias e debe de contarse con axeitados procedementos e instrucións, competencias e ferramentas de traballo.

A sexta etapa é "Executar e presentar informes" (cadro 3 na figura). Neste paso realízase o traballo de inspección. Lévanse a cabo as inspeccións rutineiras e non rutineiras e como resultado final realízanse os informes de resultados. Os datos sobre as inspeccións que se levan a cabo e os seus resultados e seguimento teñen que ser gardados e estar dispoñibles nunha base de datos adecuada aos obxectivos buscados.

A sétima etapa do proceso é "Supervisar o rendemento" (cadro 4 na figura). Para asegurarse de que se cumpren os obxectivos e metas débese monitorizar a saída (¿levamos a cabo as actividades previstas?) e o resultado (¿cales foron os efectos das nosas actividades?). Anualmente elabórase unha memoria da inspección ambiental. Nesta memoria detállanse os subprogramas e as inspeccións realizadas nese ano e os resultados e conclusións acadadas para cada subprograma. Esta información utilízase para a revisión dos Plans e para informar aos diferentes grupos de interese; por exemplo, ao goberno, ao Parlamento, á Comisión Europea, ao público en xeral, etc.

1.4.2 REDIA (Rede de Inspección Ambiental de España)



REDIA créase como un instrumento de cooperación entre o Estado español e as Comunidades Autónomas en materia de inspección ambiental coa misión de contribuír á protección do medio ambiente a través do desenvolvemento e mellora permanente da inspección ambiental.

O obxectivo do proxecto REDIA consiste no establecemento dunha rede estatal en materia de inspección ambiental, orientada á creación dun instrumento fundamentalmente técnico que permita compartir a ampla experiencia nas actividades de inspección entre as distintas Comunidades Autónomas, establecer foros de participación, intercambio de información técnica e articular a

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Versión	1
			Data	**/04/2020
			Páxina	12 de 38

participación das diferentes comunidades autónomas na Rede IMPEL, dentro do ámbito das inspeccións ambientais.

REDIA intégrase polos responsables da Inspección Ambiental das Comunidades Autónomas en razón da súa competencia neste eido, participando o MMA en calidade de Secretaría.



Reunión de REDIA

REDIA conta con estatutos propios, que inclúen como órganos o Plenario e o Comité executivo.

O Plenario está constituído por todos os membros da Rede e reúnese polo menos unha vez ao ano para aprobar o informe anual de actividades do ano anterior e o plan anual de actividades do seguinte exercicio, que inclúe os novos proxectos a desenvolver. Nas reunións do plenario preséntanse os traballos realizados nos proxectos finalizados os anos anteriores e as actividades desenvolvidas polo Comité executivo.

O Comité executivo fórmalo cinco comunidades autónomas e o Presidente. A súa misión principal é promover a realización de actividades.

Por último están os grupos de traballo de REDIA que se encargan de definir o alcance e contido dos proxectos, o desenvolvemento dos mesmos e a presentación dos resultados obtidos.

Toda a información de REDIA atópase na páxina web: <https://www.miteco.gob.es/es/calidad-y-evaluacion-ambiental/temas/medio-ambiente-industrial/inspeccion-ambiental/>

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	13 de 38

A participación de Galicia nos proxectos levados a cabo en REDIA atópase dispoñible na páxina web da Inspección Ambiental.

Un resumo de REDIA plásmase no seguinte póster, presentado no CONAMA 2014:


Escobar, E. Mallada, M.J.

REDIA: RED DE INSPECCIÓN AMBIENTAL

Instrumento para la cooperación e intercambio de experiencias entre administraciones

ORIGEN Y FINALIDAD

Nace en Galicia, en el año 2008, tras un intercambio de experiencias entre CCAAs sobre temas de inspección ambiental.

Su finalidad es contribuir a la protección del Medio Ambiente a través de la herramienta de la Inspección ambiental.

Persigue la mejora continua de las inspecciones ambientales que se llevan a cabo en las instalaciones **industriales**.

OBJETIVOS

Intercambio de información y experiencias entre los responsables **ambientales** de las CCAA.

Canalizar la participación de las CCAA en la Red Europea IMPEL.

Contribuir a la mejora de la organización y desarrollo de los sistemas de inspección ambiental.

Fomentar y facilitar la formación específica y el entrenamiento de los inspectores y agentes de la autoridad ejecutores de la inspección ambiental.

ESTRUCTURA

Plenario: aprueba los estatutos y decide las líneas estratégicas de la Red. Se reúne al menos una vez al año. Constituido por los responsables de la inspección ambiental de las CCAA.

Comité Ejecutivo: se encarga de la gestión ordinaria de la red y de la ejecución de los acuerdos que se deciden en el Plenario. Actualmente formado por Galicia, Extremadura, Cataluña, La Rioja y Madrid.

Secretaría: MAGRAMA. Da asistencia al Plenario, Comité Ejecutivo y a los participantes de la red. Es asumida por el MAGRAMA.

FUNCIONAMIENTO

Las actividades de la red se **desarrollan**, bajo la estructura de proyectos.

Los proyectos se aprueban en el Plenario. Cada proyecto ha de contar con la participación, como mínimo, de tres miembros de la red y está liderado por un Coordinador de Proyecto.

Se intercambia información y se resuelven dudas a través de un foro.

Se realizan vídeo-conferencias para tratar temas concretos.

PROYECTOS DESARROLLADOS -AÑO 2013-

Transposición y desarrollo del artículo 23 de la Directiva de Emisiones Industriales (DEI), a través de 2 proyectos:

- Proyecto 1.- Redacción del texto para la transposición de la DEI
- Proyecto 2.- Implementación de las obligaciones de inspección establecidas en el Real Decreto 815/2013.

2.1.- Esquema común para la elaboración de planes y programas en las CCAAs.

2.2.- Desarrollo de una herramienta para determinar la frecuencia de inspección basada en un análisis del riesgo ambiental de las instalaciones.

2.3.- Elaboración de una plantilla común para los informes de inspección.

Póster de REDIA presentado no CONAMA 2014.

1.5 Definicións

As definicións empregadas son as recollidas no Decreto 7/2020 de inspección ambiental de Galicia:

- ☐ Acta de inspección ambiental

Documento elaborado polo persoal que ten encomendado o exercicio das funcións de inspección ambiental e no cal se recolle o resultado desta.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	14 de 38

☐ Campaña de inspección ambiental

Nivel de agregación no que se agrupan as distintas actuacións contempladas dentro dun mesmo subprograma de inspección ambiental. Distínguese polo carácter flexible da súa duración e a especificidade en canto aos aspectos ambientais a considerar ou ao tipo de actividade ou instalación a inspeccionar.

☐ Inspección ambiental

Toda acción levada a cabo co obxecto de comprobar, fomentar e asegurar a adecuación das instalacións e actividades ás condicións contidas nos instrumentos preventivos ambientais ou nas normas ambientais, e controlar, no seu caso, a súa repercusión ambiental. Inclúense nesta definición, entre outras accións: as visitas in situ, a medición de emisións, a comprobación de informes internos e documentos de seguimento, a verificación de autocontrois, a comprobación das técnicas empregadas e a adecuación da xestión ambiental das instalacións e actividades, ademais das que poden levar a cabo as unidades de IPPC e de residuos.

☐ Inspector/a ambiental

Persoal funcionario autonómico acreditado polo órgano competente en materia de calidade ambiental para realizar inspeccións ambientais.

☐ Instrumento preventivo ambiental

A autorización ambiental integrada prevista no texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, así como calquera outra autorización, declaración, informe, declaración responsable ou comunicación previa exixida pola normativa ambiental a unha instalación ou actividade susceptible de afectar negativamente o ambiente coa finalidade de evitar, minimizar ou controlar calquera efecto significativo que para o ambiente se poida derivar do seu funcionamento.

☐ Plan de inspección ambiental

Conxunto de obxectivos e actuacións definidas polo órgano competente en materia de calidade ambiental, con carácter plurianual, co fin de garantir o cumprimento das condicións ambientais establecidas pola normativa ambiental aplicable.

☐ Programa de inspección ambiental

Documento executivo de vixencia anual que recolle toda a información precisa para realizar as inspeccións ambientais que nel se inclúen e priorizan, así como a previsión dos recursos necesarios para a súa execución.

☐ Sistema de inspección ambiental

Conxunto suficiente e axeitado de medios persoais e materiais dependentes do órgano competente en materia de inspección ambiental para realizar con eficacia os labores de

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	15 de 38

control e inspección ambiental, así como do exercicio da potestade sancionadora para garantir un axeitado nivel de comprobación do cumprimento ambiental.

☐ Subprograma de inspección ambiental

Nivel de agregación no que se agrupan as actuacións contempladas no programa de inspección ambiental. Distínguese pola súa permanencia ao longo do tempo, polo carácter xeral do seu contido e porque pode incluír unha ou varias campañas de inspección.

2. ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O ámbito de actuación da Inspección Ambiental de Galicia abarca as instalacións e as actividades de calquera tipo que sexan susceptibles de afectar negativamente o ambiente e que se atopen ou desenvolvan no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto:

- ☐ Actividades sometidas á normativa IPPC. Control e inspección dos condicionantes da AAI. Dende a promulgación da DEI, esta é a área máis importante da Inspección Ambiental debido á elevada regulación que teñen asociadas estas inspeccións na normativa.
- ☐ Residuos. Control e inspección das actividades e instalacións recollidas no Rexistro Galego de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia. Estas inspeccións supoñen unha porcentaxe elevada dentro do total de inspeccións realizadas.
- ☐ Traslados de residuos transfronteirizos e traslados de residuos por estradas de Galicia.
- ☐ Emerxencias e/ou incidencias que poidan dar lugar a ameaza inminente de danos ambientais.
- ☐ Denuncias ambientais. Comprobación da veracidade de feitos denunciados e que poidan ser constitutivos de ameaza inminente de dano ambiental, dano ambiental, delito ambiental ou infracción administrativa. Unha vez comprobada a veracidade dos feitos ambientais se da traslado tamén aos organismos sectoriais en todo ao que afecten as súas competencias.
- ☐ Atmosfera. Control e inspección das instalacións do REGADE – CAPCA e REGADE – COVs.
- ☐ Protección da calidade dos solos. Comprobación das medidas establecidas pola administración ambiental.
- ☐ Avaliación de Impacto Ambiental. Inspección, previa cancelación de fianzas ambientais, para comprobación da adopción das medidas establecidas na declaración de impacto ambiental.

A Inspección Ambiental de Galicia realiza as inspeccións cos estándares establecidos no seu sistema de xestión de calidade certificado UNE-EN ISO 9001:2015.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Versión	1
			Data	**/04/2020
			Páxina	16 de 38

3. PLAN DE INSPECCIÓN AMBIENTAL

O plan de inspección é “o conxunto de obxectivos e actuacións definidas polo órgano competente en materia de calidade ambiental, con carácter plurianual, co fin de garantir o cumprimento das condicións ambientais establecidas pola normativa ambiental aplicable”.

Apróbanse pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de calidade ambiental, teñen carácter plurianual e vinculan ao persoal inspector ambiental.

O Plan de Inspección Ambiental de Galicia engloba os seguintes plans:

- ☐ Plan de inspección ambiental de instalacións sometidas á normativa IPPC.
- ☐ Plan de inspección ambiental de instalacións non sometidas á normativa IPPC.
- ☐ Plan de inspección ambiental de traslados transfronteirizos de residuos de Galicia.

O Plan de Inspección Ambiental de Galicia en vigor atópase a disposición do público na páxina web da Inspección Ambiental de Galicia.

3.1 Contido mínimo

O contido mínimo do documento establécese no art. 9 do Decreto 7/2020 de inspección ambiental de Galicia:

- ☐ Unha avaliación xeral dos problemas ambientais máis importantes.
- ☐ A zona xeográfica cuberta polo plan de inspección.
- ☐ Un rexistro das instalacións e actividades cubertas polo plan distinguindo, polo menos, entre as instalacións sometidas á normativa de IPPC, as instalacións non sometidas á normativa de IPPC e os traslados transfronteirizos de residuos.
- ☐ Unha avaliación dos riscos ambientais asociados ás instalacións e actividades cubertas polo plan.
- ☐ O procedemento para elaborar os programas das inspeccións ambientais.
- ☐ Os procedementos das inspeccións ambientais prefixadas ou programadas e non prefixadas ou non programadas.
- ☐ Se for o caso, disposicións sobre a cooperación entre os diferentes órganos responsables da inspección.
- ☐ A información exixida pola normativa vixente en materia de traslados transfronteirizos de residuos.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	17 de 38

3.2 Seguimento e revisión

Os plans de inspección ambiental serán obxecto de revisión periódica, como mínimo, cada tres anos e, cando proceda, de actualización. As modificacións de entidade menor, incorpóranse nos programas anuais correspondentes.

As actuacións que evidencian ó despregue, seguimento, aprobación e revisión do devandito Plan descríbese nos procesos operativos do Sistema de Xestión da Calidade e no propio documento do plan. O Procedemento xeral de Planificación (PX-01) complementa este punto do Manual de Inspección.

O seguimento da execución do plan realízase anualmente a través das memorias dos programas de inspección e, de xeito global, coa memoria executiva do plan. Ademais, o propio plan establece os indicadores de seguimento que se incorporan ás correspondentes memorias.

4. PROGRAMAS DE INSPECCIÓN AMBIENTAL

Os Estados membros teñen a obriga de planificar as inspeccións medioambientais de antemán, polo que deben contar con programa/s de inspeccións medioambientais baseados nos plans de inspección que cubran as instalacións a controlar en todo o seu territorio. Tamén deben recoller a frecuencias de inspección de cada tipo de instalación en base á avaliación do seu risco ambiental. Os programas tamén recollen os obxectivos a acadar dentro da Inspección Ambiental de Galicia para asegurar a mellora continua.

O programa de inspección ambiental é *“o documento executivo de vixencia anual que recolle toda a información precisa para realizar as inspeccións ambientais que nel se inclúen e priorizan, así como a previsión dos recursos necesarios para a súa execución.”*

Apróbanse pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de calidade ambiental, teñen carácter anual e vinculan ao persoal inspector ambiental.

O contido do programa asimílase ao recollido no plan de inspección:

- ☐ Programa de inspección ambiental de instalacións sometidas á normativa IPPC.
- ☐ Programa de inspección ambiental de instalacións non sometidas á normativa IPPC.
- ☐ Programa de inspección ambiental de traslados transfronteirizos de residuos de Galicia.

En base a cada programa de inspección elabóranse os calendarios internos de inspeccións programadas ou prefixadas.

O Programa de Inspección Ambiental de Galicia vixente atópase á disposición do público na páxina web da Inspección Ambiental de Galicia.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	18 de 38

4.1 Contido mínimo

O contido mínimo do documento establécese no art. 11 do Decreto 7/2020 de inspección ambiental de Galicia:

- ☐ A zona xeográfica cuberta polo programa de inspección.
- ☐ Os obxectivos do programa.
- ☐ As instalacións e actividades cubertas polo programa.
- ☐ Os medios e recursos dispoñibles.
- ☐ As inspeccións prefixadas e non prefixadas.
- ☐ O seu período de vixencia.
- ☐ Disposicións específicas sobre a súa revisión.
- ☐ Os subprogramas de inspección ambiental e, se for o caso, as campañas de inspección ambiental que comprenden.
- ☐ Se for o caso, disposicións sobre a cooperación entre os diferentes órganos responsables da inspección.

4.2 Subprogramas de inspección ambiental

A aplicación dos programas de inspección realízase a través dos subprogramas, que serven para facilitar a labor inspectora. O resumo da estrutura dos subprogramas de inspección ambiental que se recolle nos programas de inspección:

- ☐ Programas a realizar pola Inspección Ambiental (inspectores ambientais):
 - i. Subprograma de inspeccións a actividades sometidas a IPPC:
 - Inspeccións programadas ou prefixadas a actividades con AAI en base ao seu risco ambiental (IRAM). Verificacións ambientais.
 - Inspeccións non programadas ou non prefixadas a actividades sometidas a IPPC.
 - ii. Subprograma de inspeccións a actividades non sometidas a IPPC:
 - Inspeccións programadas ou prefixadas a actividades non IPPC: Campañas ou sectores.
 - Inspeccións non programadas ou prefixadas a actividades non IPPC.
 - iii. Subprograma de inspeccións de traslados de residuos transfronteirizos:

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Código	MI
		Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA	Data	**/04/2020
		Páxina	19 de 38

- Inspeccións programadas ou prefixadas en operadores que importen/exporten residuos.
- Inspeccións programadas ou prefixadas en portos e fronteiras.
- Inspeccións non programadas ou non prefixadas de operadores, portos e estradas.

☐ Programas a realizar pola UPA:

i. Subprograma de inspeccións a actividades non sometidas a IPPC:

- Inspeccións programadas ou prefixadas a actividades non IPPC: Campañas ou sectores.
- Inspeccións non programadas ou prefixadas a actividades non IPPC.

☐ Programa a realizar pola OCA

i. Subprograma de inspeccións a actividades non sometidas a IPPC:

- Inspeccións programadas ou prefixadas a actividades non IPPC: Campaña ou sector en materia de residuos.

☐ Participacións en proxectos de inspección nacional (REDIA) e da UE (IMPEL).

4.3 Seguimento e revisión

A revisión do programa realízase semestralmente, en función dos traballos realizados. Nesta revisión terase en conta, entre outras cuestións, a evolución tanto dos distintos sectores afectados como da normativa aplicable.

As actuacións que evidencian ó despregue, seguimento, aprobación e revisión dos programas descríbese nos procesos operativos do Sistema de Xestión da Calidade, no plan correspondente e no propio documento do programa. O Procedemento xeral de Planificación (PX-01) complementa este punto do Manual de Inspección.

O seguimento da execución do programa realízase anualmente a través das memorias de inspección. Ademais, o propio programa establece os indicadores de seguimento que se incorporan ás correspondentes memorias e dos que se fai seguimento periódico no SXC.

5. RISCOS AMBIENTAIS

O obxectivo xeral dos plans e programas de Inspección Ambiental de Galicia é a comprobación do grao de cumprimento da normativa ambiental e dos requisitos impostos nas autorizacións e avaliacións ambientais, así como a detección de actuacións non autorizadas nin avaliadas malia a ter a obriga, buscando como fin acadar un elevado nivel de protección do medio ambiente e asegurando un desenvolvemento sostible na Comunidade Autónoma de Galicia.

Nos programas establécense uns obxectivos específicos de inspeccións programadas ou prefixadas e obxectivos estimativos para as inspeccións non programadas ou non prefixadas, cun programa de

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	20 de 38

traballo baseado nunha priorización e análise de riscos e de recursos (materiais e de persoal), que permita acadar as metas propostas e realizar unha avaliación dos resultados obtidos.

Considerando esta priorización das actuacións da Inspección Ambiental, a determinación dos operadores que serán inspeccionados realízase en base a unha avaliación sistemática dos riscos ambientais das instalacións correspondentes.

A determinación da frecuencia das visitas de inspección realizarase en función da avaliación de riscos ambientais incorporada ao plan de inspección ambiental, do que derivan os correspondentes programas.

5.1 Avaliación de riscos ambientais de inspeccións programadas ou prefixadas

O Plan de Inspección Ambiental establece o procedemento de avaliación de riscos ambientais para as inspeccións programadas ou prefixadas.

Os procedementos, criterios e periodicidades de inspección son diferenciados e atópanse dentro do plan de inspección ambiental vixente para:

- ☐ Instalacións sometidas á normativa IPPC: 1-3 anos
- ☐ Instalacións non sometidas á normativa IPPC: 1-5 anos
- ☐ Traslados transfronteirizos de residuos de Galicia: 1-3 anos

5.2 Avaliación de riscos ambientais de inspeccións non programadas ou non prefixadas

Non aplica.

Son inspeccións que xorden como consecuencia de circunstancias ou acontecementos non previsibles, polo que non están sometidas a unha análise sistemática de riscos senón a unha estimación na carga de traballo dentro dos programas de inspección.

6. A FUNCIÓN INSPECTORA

A Inspección Ambiental de Galicia organízase como unha inspección integrada, sendo o ámbito obxecto de inspección o conxunto de todas as materias ambientais e fomentando un equipo multidisciplinar.

A Inspección Ambiental de Galicia agrupa o Servizo de Intervención Ambiental da CMA e o persoal con funcións de inspección dos servizos de Calidade Ambiental das XT.

O desenvolvemento da inspección ambiental recóllese no Capítulo III do Título II do Decreto 7/2020 de inspección ambiental de Galicia.

O persoal Inspector Ambiental é persoal funcionario que ten a consideración de axente da autoridade no exercicio das súas funcións e irá provisto da acreditación correspondente, emitida polo órgano competente en materia de calidade ambiental.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	21 de 38

Para o exercicio das súas funcións, o persoal inspector ambiental poderá ser auxiliado e acompañado por asesores ou outro persoal técnico debidamente identificado que en ningún caso terán a condición de axentes da autoridade nin gozarán das facultades propias deles e que gardarán segredo respecto dos datos e informacións que coñezan no exercicio destas funcións.

As inspeccións de instalacións sometidas á normativa IPPC así como as inspeccións previas ao outorgamento dunha autorización ambiental realízanse exclusivamente polo persoal inspector ambiental.

A función inspectora complementase coa Unidade de Policía Nacional adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA), que traballa conxuntamente coa Inspección Ambiental.

Poderase establecer algún subprograma a realizar por OCA, en función das necesidades existentes.

6.1 Facultades do persoal inspector ambiental

As facultades do persoal inspector ambiental recóllense no art. 25 do Decreto 7/2020 de inspección ambiental de Galicia.

No desenvolvemento das súas funcións de inspección ambiental, o persoal inspector ambiental gozará das seguintes facultades:

- ☐ Acceso ás instalacións inspeccionadas que non sexan domicilio particular, sen previo aviso e logo de identificación.
- ☐ Capacidade de obtención de colaboración e auxilio administrativo das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, autonómicas ou locais, ou doutros organismos e institucións.
- ☐ Ir acompañado de persoal asesor técnico, con labor meramente consultivo e sen condición de autoridade.
- ☐ Facerse acompañar nas visitas de inspección pola persoa titular, pola persoa representante ou polo persoal experto e técnico da actividade ou instalación inspeccionada.
- ☐ Acceder a toda a documentación e información que considere necesaria e sexa axeitada para o cumprimento das súas funcións.
- ☐ Efectuar notificacións e realizar requirimentos de información e/ou documentación ou de actuacións concretas para prever ou evitar danos ambientais.
- ☐ Proceder á toma de fotografías ou á gravación de imaxes mediante o uso de drons ou calquera outro dispositivo electrónico, sen prexuízo do disposto na normativa vixente en materia de segredo industrial e en materia de utilización civil de drons.
- ☐ Tomar mostras e practicar calquera dilixencia de investigación, exame ou proba que considere precisa, podendo solicitar asistencia para a mostraxe e práctica doutras probas.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	22 de 38

Cando sexa necesario entrar no domicilio do afectado ou nos restantes lugares que requiran a autorización do seu titular, obterase o consentimento deste ou, na súa falta, a oportuna autorización xudicial.

6.2 Deberes do persoal inspector ambiental

As obrigas do persoal inspector ambiental recóllense no art. 26 do Decreto 7/2020 de inspección Ambiental de Galicia:

- ☐ Identificarse como tal e acreditar a súa condición de persoal inspector.
- ☐ Proceder co respecto e a deferencia debida ás persoas interesadas.
- ☐ Informar ás persoas interesadas da clase de inspección, dos seus dereitos e deberes en relación cos feitos obxecto da inspección, así como da normativa aplicable á súa actividade ou instalación en materia ambiental.
- ☐ O levantamento dunha acta en relación coas actuacións practicadas no desenvolvemento da inspección, comunicando as anomalías detectadas á persoa titular das instalacións ou da actividade ou a quen a represente.
- ☐ Poñer en coñecemento do órgano ou autoridade competente a comisión de feitos que poidan ser constitutivos de ameazas inminentes de danos medioambientais, de danos ambientais, de infraccións administrativas ou de delitos ambientais.
- ☐ Gardar segredo en relación cos datos e información que coñeza no exercicio das súas funcións, respectando en todo momento as obrigas derivadas da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.

6.3 Formación e cualificación

O Considerando 26 in fine da Directiva 2010/75/UE sinala que “Os Estados membros deben velar por que se dispoña de suficiente persoal cos coñecementos e titulacións necesarios para levar a cabo as inspeccións con eficacia”.

Esta previsión é moi xenérica, xa que non establece titulacións nin coñecementos mínimos para o persoal que realice inspeccións ambientais, deixando ao criterio de cada Estado membro a determinación das especificacións para o exercicio da inspección ambiental.

A normativa estatal e autonómica tampouco recolle previsións específicas respecto aos coñecementos e titulacións que se consideran necesarias para o desenvolvemento das funcións encomendadas á Inspección Ambiental. Sen embargo, a complexidade técnica e a multitude de normativa ambiental, determinan a necesidade de que a Inspección Ambiental de Galicia estea formada por un grupo interdisciplinar de profesionais, con distinta formación, aos efectos de poder abarcar os distintos ámbitos que poden ser obxecto de inspección por parte da administración ambiental.

As titulacións exixidas ao persoal da Inspección Ambiental de Galicia establécese na Relación de Postos de Traballo (RPT) da CMA e está publicado no DOG.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	23 de 38

Adicionalmente, a Inspección Ambiental de Galicia conta dentro do seu SXC co PX-09 de Xestión de Persoal que documenta o proceso de formación, cualificación e recualificación do persoal inspector.

6.3.1 Formación inicial e cualificación.

O persoal inspector ambiental recibirá unha formación inicial coa correspondente cualificación para o correcto exercicio da función inspectora.

A formación inicial realizarase segundo o recollido no PX-09, en base ás seguintes modalidades:

- ☐ Curso de Inspección Ambiental.

Sempre que estea programada unha edición do curso no ano de incorporación do persoal.

- ☐ Formación teórico – práctica por parte do xefe de servizo correspondente.

A formación práctica baséase no acompañamento e realización de inspeccións ambientais con inspectores cualificados e/ou xefes de servizo.

A formación inicial habilita a cualificación do persoal inspector segundo o especificado do PX-09.

6.3.2 Formación continua e recualificación.

O volume, a complexidade e a constante evolución das normas que integran o dereito ambiental, obxecto de control pola Inspección Ambiental de Galicia, determinan a necesidade dunha formación continua axeitada. Esta formación continua debe abarcar tanto aspectos técnicos como xurídicos e de novas tecnoloxías, cunha periodicidade adecuada que aseguren o correcto exercicio da labor inspectora.

A Inspección Ambiental de Galicia conta dentro do seu SXC cun Plan de Formación anual onde se cubren as necesidades formativas do seu persoal a través de cursos de formación, xornadas, encontros, etc.

O PX-09 recolle o programa de recualificacións do persoal inspector para garantir a estandarización dos procesos de inspección ambiental.

6.4 Coordinación con outras unidades e organismos.

A Inspección Ambiental de Galicia conta coa colaboración e participación doutras unidades e organismos, que levan a cabo importantes tarefas de apoio específico como:


- ☐ UPA.
- ☐ Garda Civil: Seprona e Garda Civil de Tráfico.
- ☐ Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia (LMAG).
- ☐ OCA – Entidade colaboradora da Administración en materia de residuos.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Código	MI
		Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA	Data	**/04/2020
		Páxina	24 de 38

- ☐ Autoridades competentes en materia de augas, SEVESO, REACH, Sandach, ...
- ☐ Administración Xeral do Estado.
- ☐ Inspeção-Geral da Agricultura, do Mar, do Ambiente e do Ordenamento Territorio (IGAMAOT)

6.4.1 Unidade da Policía Nacional adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA)

A UPA distribúese no territorio da comunidade autónoma en seis sedes: A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.



Distribución por concellos do ámbito de actuación das seis sedes da UPA.

As funcións de apoio á Inspección Ambiental realízase en dous eidos principais:

- ☐ Investigación policial de denuncias ambientais.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	25 de 38

- ❑ Inspeccións programadas ou prefixadas de control ambiental establecidas no programa anual de inspección ambiental a través de subprogramas específicos e/ou campañas (Talleres de reparación de vehículos, puntos de vertido incontrolados, residuos da construción e demolición, centros de tratamento de vehículos ao final da súa vida útil, produción e transporte de lodos de depuradoras, actividades ilegais con produción de residuos perigosos e outros).

Para asegurar un apoio de xeito eficaz e coordinado coa Inspección Ambiental, o Plan de Formación Anual recolle as formacións específicas para a UPA nas materias dos subprogramas que teñen asignados no programa de inspección ambiental.

Adicionalmente a UPA emprega formularios – checklist na realización das inspeccións ambientais elaborados pola Inspección Ambiental. Tamén contan con conexión á aplicación informática da Inspección Ambiental de Galicia.

O servizo con competencias en materia de intervención ambiental coordina as actuacións que en materia ambiental desenvolve a UPA.

6.4.2 Garda Civil: Seprona e Garda Civil de Tráfico.

A colaboración da Inspección Ambiental de Galicia coa Garda Civil realízase en dous ámbitos:

- ❑ O SEPRONA, que realiza accións de inspección ambiental dentro do seu ámbito de competencias e na investigación de denuncias ambientais que poidan recibir.
- ❑ Coa GARDA CIVIL DE TRÁFICO na realización de inspeccións ambientais de control de traslado de residuos (transfronteirizos e/ou en estradas interiores).

6.4.3 Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia (LMAG).

O Laboratorio depende do órgano competente en materia de calidade ambiental. Conta con dúas sedes: A Coruña – especializada en análise química e control do aire ambiente – e outra en Lourizán (Pontevedra) – especializada en análises biolóxicas e control e vixilancia da calidade das augas - .

O persoal técnico do LMAG acompaña e/ou asesora ao persoal inspector ambiental na súa condición de técnico experto e especialista en materias de emisións e calidade do aire.

Ademais, o LMAG realiza tarefas de apoio á Inspección Ambiental de Galicia na toma de mostras e análise das mesmas (augas de proceso en instalacións industriais, emisións atmosféricas, solos, residuos, ...).

En concreto, nas inspeccións prefixadas ou programadas a instalacións sometidas á normativa IPPC realízase coa colaboración do LMAG toma de mostras dos vectores ambientais recollidos na AAI. Así, o persoal do LMAG acompaña ao persoal inspector nestas inspeccións, cumprimentando a acta de toma de mostras que acompaña ao acta de inspección ambiental.

O persoal do LMAG conta con acceso á aplicación de Inspección Ambiental, polo que os informes de resultados das mostras forman parte do expediente da inspección.


 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Versión	1
			Data	**/04/2020
			Páxina	26 de 38

6.4.4 OCA – Empresa colaboradora da administración en materia de residuos.

Dende o ano 2009 a Inspección Ambiental de Galicia conta, de forma discontinua, coa colaboración dunha OCA acreditada en materia de residuos, principalmente para a realización de tarefas de control e vixilancia de actividades de produción de residuos en Galicia. Tamén, para o control de actividades non sometidas á normativa IPPC (como puntos limpos, vertedoiros selados) e comprobación de investimentos realizados en axudas concedidas. Segundo o que se estableza no correspondente programa anual de inspección ambiental.

6.4.5 Autoridades competentes en materia de augas, SEVESO, REACH, Sandach, ...

A distribución competencial existente en materia de augas determina que en Galicia existan varios organismos e entidades con competencias na materia: Augas de Galicia, confederacións hidrográficas (Miño – Sil e do Cantábrico) e administración local. A Inspección Ambiental de Galicia dispón dos sistemas de cooperación aos efectos de coordinar o exercicio das competencias respectivas.



Distribución territorial de competencias das concas hidrográficas de Galicia.

Tamén se colabora con todas as unidades con competencias que poidan afectar ao medio ambiente e ás funcións inspectoras: SEVESO, REACH, Sandach,

6.4.6 Administración Xeral do Estado.

Tarefas de colaboración en control transfronteirizo de residuos con países non UE.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	27 de 38

6.4.7 IGAMAOT

Colaboración en controis transfronteirizos de residuos na fronteira e outras colaboracións no marco de Redia e Impel.

7. ORGANIZACIÓN DA INSPECCIÓN AMBIENTAL

7.1 Clases de inspeccións ambientais

De acordo co Decreto 7/2020 de inspección ambiental de Galicia, as inspeccións ambientais pódense clasificar atendendo aos seguintes criterios:

- ☐ Pola existencia ou non dunha programación preestablecida:
 - i. Inspeccións prefixadas ou programadas.
 - ii. Inspeccións non prefixadas ou non programadas.
- ☐ Polo momento no que se realizan:
 - i. Inspeccións previas ao outorgamento dunha autorización.
 - ii. Inspeccións de oficio durante o funcionamento dunha actividade.
 - iii. Inspeccións en virtude de denuncia.
- ☐ Pola tipoloxía das instalacións ou actividades inspeccionadas:
 - i. Inspeccións de actividades ou instalacións sometidas á normativa IPPC.
 - ii. Inspeccións de actividades ou instalacións non sometidas á normativa IPPC.
 - iii. Inspeccións dos traslados transfronteirizos de residuos.

O esquema de clasificación detallado da Inspección Ambiental de Galicia atópase no **anexo I**.

7.1.1 En función da existencia ou non dunha programación preestablecida

Criterio establecido no Título II – Cap. I – Sección 2ª do Decreto 7/2020 de inspección ambiental de Galicia (art. 15 – 16).

7.1.1.1 Inspeccións prefixadas ou programadas

As inspeccións prefixadas ou programadas son aquelas realizadas como parte dun programa de inspección previsto e teñen como obxectivos:

- ☐ Comprobar o cumprimento de condicións ambientais establecidas no correspondente instrumento preventivo ambiental por parte da actividade ou instalación inspeccionada.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	28 de 38

- ☐ Comprobar o cumprimento das obrigas derivadas da normativa ambiental vixente por parte de calquera actividade ou instalación susceptible de afectar negativamente o ambiente.
- ☐ No caso de actividades ou instalacións sometidas á normativa IPPC, observar a evolución do proceso produtivo e das MTDs dispoñibles ao longo do tempo, comprobar a súa adaptación ás condicións orixinais e á normativa ambiental e promover a súa revisión ou modificación no caso de obsolescencia ou cambios substanciais.

As inspeccións que teñan por obxecto investigar posibles incumprimentos das normas efectuaranse o antes posible e, en todo caso, antes do outorgamento, modificación substancial ou revisión do correspondente instrumento preventivo.

7.1.1.2 Inspeccións non prefixadas ou non programadas

As inspeccións non prefixadas ou non programadas son aquelas inspeccións que, formando parte dun programa de inspección ambiental, a súa determinación realízase de xeito estimativo baseándose na experiencia doutros anos. Teñen como obxectivo:

- ☐ Comprobar a veracidade da información aportada durante a tramitación, se for o caso, dos diferentes instrumentos preventivos ambientais de competencia autonómica.
- ☐ Investigar accidentes, incidentes e denuncias.

As inspeccións que teñan por obxecto investigar denuncias graves sobre aspectos ambientais, accidentes graves e incidentes ambientais e casos de incumprimento das normas efectuaranse o antes posible e, en todo caso, antes do outorgamento, modificación substancial ou revisión do correspondente instrumento preventivo.

7.1.2 En función do momento no que se realizan

Criterio establecido no Título II – Cap. I – Sección 3ª do Decreto 7/2020 de inspección ambiental de Galicia (art. 17 – 19).

7.1.2.1 Previas ao outorgamento dunha autorización

As inspeccións previas ao outorgamento dunha autorización son aquelas que teñen por obxecto comprobar a veracidade da información fornecida durante a tramitación das diferentes autorizacións ambientais de competencia autonómica ou da súa revisión ou modificación.

7.1.2.2 De oficio durante o funcionamento dunha actividade

Son as que se realizan con posterioridade á posta en funcionamento dunha actividade e que teñen por obxecto:

- ☐ Comprobar, se for o caso, que se cumpren de maneira continuada as condicións establecidas nos instrumentos preventivos ambientais.
- ☐ Comprobar que se cumpre calquera outra exigencia contida na normativa ambiental vixente.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	29 de 38

Tamén son inspeccións de oficio as que realiza a Administración cando ten coñecemento polos seus propios medios da existencia de feitos que poidan ser constitutivos de ameaza inminente de dano medioambiental, dano ambiental, delito ambiental ou infracción administrativa, para os efectos de constatar a súa veracidade.

7.1.2.3 En virtude de denuncia

Comprobación da veracidade de feitos denunciados e que poidan ser constitutivos de ameaza inminente de dano ambiental, delito ambiental ou infracción administrativa.

A investigación por parte da Inspección Ambiental dos accidentes graves, incidentes e dos casos de incumprimento da lexislación ambiental, realízase coa finalidade de:

- ☐ Determinar as causas do feito e a súa repercusión ambiental e, se procede, as responsabilidades xurídicas e doutro tipo do acontecido e as súas consecuencias.
- ☐ Mitigar e se é posible corrixir as repercusións ambientais do feito mediante o establecemento das medidas axeitadas que deberá adoptar o operador das instalacións e as autoridades competentes.
- ☐ Determinar as medidas que deben adoptarse para prever novos accidentes, incidentes ou incumprimentos.
- ☐ Aplicar medidas executivas, cando proceda, e velar por que o operador tome as medidas de seguimento axeitadas.

7.1.3 En función da tipoloxía das instalacións ou actividades inspeccionadas

Criterio establecido no Título II – Cap. I – Sección 4ª do Decreto 7/2020 de inspección ambiental de Galicia (art. 20 – 22).

7.1.3.1 Actividades ou instalacións sometidas á normativa IPPC

Son actividades ou instalacións sometidas á normativa IPPC aquelas de titularidade pública ou privada nas que se desenvolve algunha das actividades industriais enumeradas no anexo 1 do texto refundido la Lei de IPPC, aprobado polo RDL 1/2016 e que acaden os limiares de capacidade establecidos. Coa excepción das instalacións ou partes delas empregadas para a investigación, desenvolvemento e experimentación de novos produtos e procesos.

As inspeccións que se realicen a este tipo de actividades ou instalacións levaranse a cabo, en todo caso, por persoal inspector ambiental.

As inspeccións programadas ou prefixadas a estas instalacións denomínanse VERIFICACIÓNS AMBIENTAIS e realízanse periodicamente en 1 e 3 anos. Estas inspeccións realízanse seguindo o indicado na DEI, no RDL 1/2016 de IPPC, no RD 815/2013 e na documentación SXC da Inspección Ambiental de Galicia.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	30 de 38

As inspeccións non programadas ou non prefixadas a estas instalacións derivan de denuncias, incidentes, accidentes ou requirimentos do órgano autorizante (tras a emisión da AAI, no caso de modificacións substancial, revisión da AAI, preceptivas, comprobación do cumprimento das condicións de peche e desmantelamento, ...).

7.1.3.2 Actividades ou instalacións non sometidas á normativa IPPC

Actividades ou instalacións que sexan susceptibles de afectar negativamente ao medio ambiente e que non se atopan sometidas á normativa de IPPC.

Priorízanse aqueles sectores, instalacións ou actividades que, tras a avaliación sistemática dos riscos ambientais, presentan un maior risco ambiental.

Estas inspeccións pódense realizar tanto polo persoal inspector ambiental, como pola UPA ou por OCA segundo o indicado nos programas de inspección.

7.1.3.3 Traslados transfronteirizos de residuos

Son traslados transfronteirizos de residuos os definidos como tales na normativa comunitaria vixente.

Estas inspeccións realizaranse consonte o disposto na normativa comunitaria que resulte de aplicación e incluírán, como mínimo, a comprobación de documentos, a confirmación da identidade e, se for o caso, o control físico dos residuos.

A Administración autonómica poderá prestar colaboración á Administración estatal respecto das funcións de inspección de competencia desta.

Estas inspeccións realízanse por parte do persoal inspector ambiental, con apoio da Garda Civil nos casos que se precise.

7.2 Actuacións informativas

As actuacións informativas están encamiñadas a fomentar a observancia da normativa ambiental e a mellora do comportamento ambiental en determinados sectores de actividade empresarial, así como a implantación das mellores técnicas dispoñibles e de sistemas de xestión ambiental, para os efectos de minimizar os seus posibles riscos ambientais.


Os programas de inspección ambiental incluírán previsións específicas de actuacións informativas a sectores económicos concretos.

7.3 Coordinación e recursos da Inspección Ambiental

A Inspección Ambiental de Galicia intégrase polo persoal do servizo competente en materia de intervención ambiental, dependente do órgano con competencias en calidade ambiental nos servizos centrais. Tamén se integra polo persoal con funcións de inspección ambiental dos servizos de calidade ambiental das Xefaturas Territoriais. A relación de postos de traballo (RPT) da CMA ten actualizado o listado de prazas correspondente.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL	Código	MI
		Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA	Data	**/04/2020
		Páxina	31 de 38

O xefe de servizo de intervención ambiental coordina a Inspección Ambiental de Galicia dentro do establecido no plan e programas de inspección. Tamén coordina as actuacións da UPA en materia ambiental e OCA.




Para levar a cabo a xestión e coordinación da Inspección Ambiental de Galicia cóntase con ferramentas informáticas para a solicitude, adxudicación, realización e comunicación das inspeccións de forma áxil e eficaz.

A Inspección Ambiental de Galicia atópase en fase de integración na plataforma GAIA, portal da CMA.

O SXC recolle os procedementos e instrucións para o uso das ferramentas informáticas na Inspección Ambiental de Galicia.

O plan e programas de inspección recollen os criterios de asignación das inspeccións ambientais, tendo en conta a priorización das mesmas en base ao seguinte esquema:



 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	32 de 38

7.4 Exercicio das inspeccións ambientais in situ

O Decreto 7/2020 de inspección ambiental de Galicia recolle os preceptos básicos do exercicio das inspeccións ambientais in situ (art. 27):

- ☐ As inspeccións ambientais in situ iniciaranse de oficio, xa sexa por iniciativa propia do órgano competente, por orde superior ou por petición razoada doutros órganos, ou en virtude de denuncia, e desenvolveranse adoptando con carácter preferente un enfoque integrado da actividade ou instalación inspeccionada.
- ☐ Previamente á visita de inspección, o persoal inspector poderá recadar toda a información pertinente dispoñible sobre a actividade ou instalación que se vai inspeccionar, como actas e informes de inspeccións previas, autorizacións, avaliacións ou informes ambientais, proxectos técnicos tramitados ou documentación que conteña os resultados dos autocontrois.
- ☐ Cando o persoal inspector se persoe na instalación ou actividade que se vai inspeccionar, porá en coñecemento da persoa titular o obxecto das actuacións, logo de identificación mediante exhibición do documento que o acredite para o exercicio das súas funcións.
- ☐ As actuacións inspectoras realizaranse en presenza da persoa titular da instalación ou da actividade. No caso de persoas xurídicas, considerarase persoa representante quen legalmente exhiba a dita condición. No caso de ausencia da persoa titular ou representante, as actuacións entenderanse con calquera persoa presente na instalación ou na actividade, facendo constar na acta a súa vinculación con ela.
- ☐ Non será obstáculo para a realización das actuacións a negativa ou imposibilidade da persoa titular ou representante de estar presente durante a súa práctica, sempre que así se faga constar nas actuacións que documenten a inspección.
- ☐ A persoa interesada está obrigada a permitir o acceso do persoal inspector ás instalacións ou á actividade e a permitir a toma de fotografías ou de mostras e medicións que resulten pertinentes, así como a subministrar a información que se lle requira en relación cos feitos obxecto da inspección, sen prexuízo do disposto na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e en materia de segredo industrial.
- ☐ No caso de obstaculizarse as actuacións inspectoras, o persoal inspector farao constar así na acta.

7.5 Documentación derivada da actuación do persoal inspector ambiental

A realización dunha inspección ambiental leva asociado, como mínimo, a formalización dunha acta de inspección e a recollida de evidencias gráficas, sempre que sexa posible.

7.5.1 Actas de inspección ambiental

As actuacións inspectoras documentaranse nunha acta de inspección, que é un documento público asinado polo persoal inspector ambiental.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	33 de 38

As actas de inspección ambiental formalizadas polo persoal inspector ambiental e nas cales, observándose os requisitos legais correspondentes, se recollan os feitos constatados por aquel farán proba destes salvo que se demostre o contrario.

7.5.1.1 Contido das actas de inspección

O Decreto 7/2020 de inspección ambiental de Galicia recolle, no art. 29, o contido mínimo das actas de inspección ambiental:

- ☐ O lugar e data da súa formulación.
- ☐ O nome e apelidos ou a razón ou denominación social completa, o número do documento nacional de identidade ou o número de identificación fiscal e o domicilio da persoa física ou xurídica inspeccionada.
- ☐ O nome e apelidos, o número do documento nacional de identidade e sinatura, se for o caso, da persoa con que se entendan as actuacións e o carácter ou representación con que intervéñen nelas.
- ☐ A identificación do persoal inspector que a subscribe.
- ☐ A clase de inspección da que se trate.
- ☐ A delimitación do seu obxecto, concretando se cobre ou non a totalidade das instalacións e dos vectores ambientais.
- ☐ Os feitos constatados directamente polo persoal inspector.
- ☐ O cumprimento ou incumprimento dos requisitos ambientais contidos nos instrumentos preventivos ambientais ou na normativa ambiental vixente.
- ☐ Se durante a inspección ten lugar a toma de mostras, farase constar o lugar da mostraxe, a natureza das mostras, a cantidade tomada, a forma en que se procedeu á mostraxe e calquera outra circunstancia que se considere oportuna.
- ☐ A conformidade ou desconformidade e, se for o caso, as alegacións da persoa representante da actividade ou instalación inspeccionada ao manifestado na acta.
- ☐ Cando sexa posible, unha reportaxe fotográfica ou unha gravación dos feitos constatados polo persoal inspector.

As actas de inspección ambiental poderán recoller os feitos constatados polo persoal inspector durante máis dun día.

O persoal inspector ambiental empregará os formatos de acta de inspección ambiental aprobados.

Todas as actas de inspección realizaranse por duplicado. Un exemplar será para a persoa titular da instalación ou actividade inspeccionada e o outro para a Inspección Ambiental.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	34 de 38

No caso de que a persoa comparecente se negue a asinar a acta ou a recibir a mostra contraditoria, o persoal inspector farao constar así, autorizando a acta coa súa sinatura e entregando unha copia á persoa interesada e deixando igualmente constancia de se esta se nega a recibila. Neste último suposto procederase á súa notificación polos medios e cos requisitos establecidos na normativa vixente en materia de procedemento administrativo común.

No caso de que o levantamento ou sinatura da acta se produza sen a presenza da persoa titular ou representante da instalación ou actividade inspeccionada, procederase á súa notificación polos medios e cos requisitos establecidos na normativa vixente en materia de procedemento administrativo común, para os efectos de que poida presentar cantas alegacións e probas considere convenientes no prazo de dez días.

7.5.1.2 Validez dos feitos constatados nas actas de inspección

Consonte ao disposto no art. 77.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

“Os documentos formalizados polos funcionarios públicos aos que se recoñece a condición de autoridade e nos que, observándose os requisitos legais correspondentes se recollan os feitos constatados por aqueles farán proba destes salvo que se acredite o contrario”.

O persoal inspector ambiental é persoal funcionario público, que goza da condición de axente da autoridade no exercicio das súas funcións, e os feitos constatados por eles nas actas de inspección terán presunción de veracidade.

Asemade, o persoal inspector ambiental pode ir acompañado por asesores técnicos, que exercen unha labor meramente consultiva por razón dos seus coñecementos técnicos, sen que en ningún caso estes teñan a condición de axentes da autoridade.

Tanto os asesores técnicos como as entidades colaboradoras deben estar debidamente identificados polos órganos competentes, debendo gardar en todo caso, segredo respecto dos datos e informacións que coñeceran no exercicio destas funcións.

7.5.2 Informes derivados das inspeccións ambientais

De forma xeral, tras cada visita in situ o persoal inspector elaborará un informe sobre a actuación realizada en que se inclúan as conclusións relativas ao cumprimento ou incumprimento das condicións impostas no correspondente instrumento preventivo ou dos requisitos legais ambientais que resulten aplicables, así como respecto a calquera outra actuación que resulte necesaria para prever ou evitar danos ambientais.

No caso de inspeccións programadas ou prefixadas a actividades ou instalacións sometidas á normativa IPPC elaborárase o informe de inspección ambiental de verificación ambiental segundo o establecido na normativa IPPC e nos procedementos do SXC da Inspección Ambiental de Galicia. Estes informes recollen as desviacións detectadas na inspección co requirimento correspondente e o grao de cumprimento da AAI.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	35 de 38

Os informes de instalacións IPPC estarán a disposición do público no prazo de catro meses dende a data da acta de inspección ambiental, a través da páxina web da Inspección Ambiental de Galicia.

8. OUTRAS ACTUACIÓNS DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA

A Inspección Ambiental de Galicia colabora nas seguintes competencias da CMA:

8.1 Responsabilidade medioambiental

Control do cumprimento da normativa de responsabilidade medioambiental en Galicia, desenvolvendo distintos tipos de tarefas:

- ☐ Comprobando que as actividades económicas ou profesionais obrigadas a realizar unha análise de riscos ambientais e a presentar a declaración responsable posterior, cumplan coa devandita obriga e comprobando a veracidade da información aportada.
- ☐ Comprobando que as actividades económicas ou profesionais obrigadas a constituír unha garantía financeira que cubra a súa posible responsabilidade medioambiental, dispoñan da devandita garantía e a manteñan en vigor.
- ☐ Investigando a existencia de feitos que puideran ser constitutivos de ameazas inminentes de danos medioambientais ou de danos ambientais e realizando o seguimento dos proxectos de reparación dos danos medioambientais que se tiveran producido.



Sucesos que ocasionaron danos medioambientais.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	36 de 38

8.2 Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia (Plan CAMGAL)

Dentro do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia, máis coñecido como Plan CAMGAL contéñanse os grupos operativos de resposta que son os encargados de desenvolver as operacións de loita contra a contaminación: contención e recollida no mar, limpeza e recuperación dos ecosistemas e instalacións afectados, xestión dos residuos e demais misións auxiliares necesarias.


Existen dous grupos operativos, un de resposta no mar e outro de resposta en terra, estando formados un e outro por persoal e medios especializados.

O grupo operativo de resposta en terra é o órgano encargado de desenvolver as operacións de contención, limpeza, almacenamento, transporte e xestión de residuos na ribeira do mar e das rías e demais misións auxiliares.

Dentro do grupo operativo de resposta en terra, a Inspección Ambiental de Galicia realiza as funcións encomendadas á unidade de vixilancia e seguimento, consistentes en realizar a avaliación inicial da contaminación na ribeira do mar e das rías, vixiar a súa evolución e posteriormente realizar as observacións que permitan avaliar as consecuencias ambientais do episodio contaminante.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	37 de 38

Anexo I. TIPOS DE INSPECCIÓN



 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático	SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL		Código	MI
			Versión	1
	MANUAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA		Data	**/04/2020
			Páxina	38 de 38

Anexo II. CÓDIGOS DE INSPECCIÓN

